

Nos últimos anos estase a dar un florecemento do teatro e a dramaturxia en Galicia. A aparición de novos dramaturgos con ampla formación e con linguaxes innovadoras para o panorama teatral galego, está a consolidar unha nova xeración de autores recoñecidos dentro e fora da nosa comunidade.

As principais dificultades ás que se enfrontan os autores teatrais das novas xeracións do teatro galego, non só pasan pola falta de representación escénica das súas obras senón que viven unha eiva no eido da publicación e difusión da súas creacións.

Na procura de maior visibilidade dos novos dramaturgos e dramaturgas, nace o I Certame de Nova Dramaturxia Galega Actual convocado por Feira do Leste e co apoio da Deputación de Pontevedra.

1. Poderán concorrer ao Certame todas as persoas que o desexen, de calquera nacionalidade, con textos teatrais inéditos e non premiados noutros certames, que estean escritos en lingua galega.
2. As **OBRAS** serán de temática e extensión libre. E nelas deberá procurarse o bo uso da lingua galega. Cada autor poderá presentar máis dunha obra.
3. O **PREMIO** consta da edición e publicación da obra gañadora dentro dun volume xunto con outras pezas de dramaturgos galegos actuais. Así mesmo, o gañador recibirá 10 exemplares da obra como compensación dos dereitos de autor e unha porcentaxe dos beneficios obtidos pola venda de cada exemplar durante o primeiro ano. Poderase outorgar o premio a varias obras ou autores se así o estima o xurado e a organización.
4. O **PRAZO** de presentación de orixinais comeza o 18 de outubro e remata o 1 de decembro de 2017 (ámbolos dous incluídos).
5. O **ENVÍO** das obras farase exclusivamente a través do formulario de inscrición da páxina web oficial do certame ou mediante o correo electrónico certame@novadramaturxia.feidadoleste.com. Enviaranse dous arquivos: un coa obra (con título e lema) e a plica (no que constará o nome e apelidos do autor, lema, título e breve sinopse da obra, teléfono e email).
6. O **XURADO** estará conformado por profesionais do teatro e do mundo da cultura e prestarán especial atención á innovación dramaturxica, as novas linguaxes contemporáneas e a singularidade temática das pezas. A elección das obras será anónima.
7. Os orixinais non premiados serán destruídos.
8. Se durante o tempo de presentación e deliberación a obra presentada recibise algún premio ou fose editada, o autor deberá comunicalo á organización do certame.
9. O feito de participar neste certame supón a aceptación total destas bases. O non previsto nelas será resolto pola organización.

